

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade "**III CONGRESO DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA DE AGAPEMA**" como créditos de libre configuración curricular esta Reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade "**III CONGRESO DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA DE AGAPEMA**", organizada pola Asociación Galega de Profesores de Matemáticas (AGAPEMA), que se vai realizar durante o mes de xuño do ano 2006, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **1 crédito**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar ós alumnos da Licenciatura de Matemáticas e para todos os alumnos dos títulos de Mestre en Educación Infantil, Educación Primaria, Linguas Estranxeiras e Educación Musical da Facultade de Ciencias da Educación.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Os efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario dona Teresa Fernández Blanco profesora da Facultade de CC. de la Educación.

CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

Por pedimento dos interesados o responsable académico universitario da dita actividade expedirá unha certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2006/98**.

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á E-mail:congreso@agapema.com.Tel:981 563100. Ext:12008.

QUINTO.-RECOÑECIMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán o certificado na unidade de xestión académica onde se lles expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.



Santiago de Compostela, 3 de maio de 2006

O REITOR


Senén Barro Ameneiro